



Ramiro Rodríguez Suárez, deputado do grupo provincial do BNG na Deputación de Ourense, ao abeiro da Lei da Administración Local de Galiza e demais disposicións concordantes presenta para o seu debate e se procede posterior aprobación, a seguinte **MOCIÓN INSTANDO Á PRESIDENCIA A QUE CESE CON CARÁCTER IMEDIATO AO ASESOR CULTURAL, AURELIO GÓMEZ VILLAR**

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

Na sesión plenaria de 28 de febreiro de 2014 a Corporación provincial aprobou unha moción para elaborar e aprobar o código ético da Deputación.

Nel sulíñase, de xeito sobranceiro, que é preciso dar un paso adiante para contribuír á dignificación da política e das institucións que conforman o noso sistema político, e que o obxectivo do mesmo é procurar un comportamento profesional, ético e responsable de todos os cargos electos da Deputación Provincial de Ourense, así como do persoal ao servizo da Administración provincial. Pretende ser o código ético, a decir dos seus impulsores, o contributo ao reforzamento e aposta pola calidade democrática e a rexeneración do sistema institucional, para o que establece mecanismos para incentivar o seu cumprimento.

É certo que este instrumento aprobado polo Pleno foi incumplido reiteradamente por quen o promoveu e ademáis os mecanismos dos que se dotaba para incentivar o seu cumprimento hoxe non existen, toda vez que os membros do comité dimitiron en bloque o mesmo día que estaba prevista a reunión para analizar a denuncia dunha muller contra o presidente provincial, pola acusación de ofrecerlle traballo a cambio de sexo

Estamos, novamente, diante dunha situación que vai por a proba a contundencia e eficacia deste instrumento. Imos comprobar si unha vez máis este é un brindis ao sol ou realmente responde ao contido nos seus principios xerais: Integridade, imparcialidade, eficacia, transparencia, legalidade, rendición de contas, transparencia, honestidade. e respecto.

O xuíz ven de imputar formalmente (agora chámase investigar) ao noutrora concelleiro de comercio do concello de Ourense, e na actualidade asesor de cultura do Presidente, por un presunto delito de prevaricación ao contratar, sen figurar na orde do día da Xunta de Goberno que tomou a decisión e polo trámite de urxencia, e sen que mediana proceso algún, nin existira consignación orzamentaria, uns altafalantes para colocar nas distintas rúas da cidade.

Se ben a presunta comisión do delito polo que se investiga é anterior ao cargo actual na Deputación, refírese a unha actuación na esfera de responsabilidades públicas, que implica graves acusacións de ter actuado obviando as máis elementais normas de manexo dos fondos públicos, tanto do punto de vista orzamentario como da contratación. Por iso, entendemos que dada a relevancia do cargo que ocupa, e en aplicación do código ético desta Deputación, o señor Aurelio Gómez Villar debería ser cesado no seu cargo. Difícilmente quen vulnerou, a dicir do xuíz, e en base indicios fundamentados, a máis elemental legalidade no que respecta á xestión de fondos públicos, pode facerse acreedor a confianza non só do cargo que o nomea, senon do conxunto da cidadanía, que o que demanda é que as persoas que están directa ou indirectamente relacionadas coa cousa pública sexan exemplares, ao ser "o espello" da institución no que se mira a cidadanía.

Por todo o anterior, SOLICITAMOS a adopción por parte do pleno da corporación do seguinte

### **ACORDO**

O Pleno insta á Presidencia a que con carácter inmediato cese ao actual asesor de cultura, Aurelio Gómez Villar, ao acabar sendo formalmente investigado por un presunto delito de prevaricación na contratación duns altofalantes.

Ourense, 25 de xaneiro de 2017

Asdo: Ramiro Rodríguez Suárez

**SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL**

